



D I N A M O

Actuaciones de dinamización social  
y acciones de mejora urbana

DATA	07/04/2010
Nº	RESOLUCIÓN XUNTA DE GOBERNO LOCAL

1024 RBF/mcm

Examinado o expediente tramitado para a contratación da execución da obra denominada "1ª Fase descontaminación y consolidación estructural centro cultural en la antigua fabrica Cros O Burgo-Culleredo", a adxudicar mediante procedemento aberto, incluída no proxecto DINAMO, cofinanciado polo FEDER e esta actuación cofinancada tamén pola Xunta de Galicia.

#### ANTECEDENTES

1. O 17 de marzo de 2010, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, procedeu á adxudicación provisional á empresa DRAGADOS, S.A. CIF A-15139314, e o día 18 de marzo de 2010 procedeuse á súa publicación no perfil de contratante do órgano de contratación.

2. No prazo establecido, a empresa acreditou estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, o xustificante de estar dado de alta no Imposto sobre Actividades Económicas e ao corrente no pagamento do mesmo, así como o documento acreditativo de ter constituído a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido.

#### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1. O artigo 144 da lei 30/2007, pola que se aproba a lei de contratos do sector público (en adiante, LCSP), establece que no procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración, a adxudicación recaerá no licitador xustificadamente elixido polo órgano de contratación, unha vez ponderados os criterios de selección establecidos no PCAP.

2. O artigo 135.4 LCSP en relación co artigo 96 apartado 2, establece que a adxudicación provisional, ao ser o expediente de tramitación urxente, deberá elevarse a definitiva dentro dos dez días hábiles seguintes a aquel en que expire o prazo de dez días hábiles contados dende o seguinte a aquel en que a adxudicación provisional se publique no perfil de contratante do órgano de contratación, sempre que o adxudicatario presentara a documentación sinalada e constituíse a garantía definitiva.

3. O gasto aprobado pola Xunta de Goberno Local foi un gasto plurianual, coa seguinte distribución en anualidades:

Ano	Importe
2009	639.998,75€
2010	1.827.192,52€
2011	1.362.253,92€

O gasto comprometido é inferior ao gasto autorizado, e na cláusula 5.4 PCAP establécese ao respecto que "a baixa ofertada polo adxudicatario aplicarase, na súa integridade á redución do financiamento prevista nas últimas anualidades, mantendo inalterable o financiamento previsto para as primeiras".

Adicionalmente, ha de terse en conta que a anualidade orzamentaria de 2009 foi incorporada ao orzamento de 2010, de tal forma que as anualidades a comprometer han de ser:



D I N A M O

Actuaciones de dinamización social  
y acciones de mejora urbana

DATA	07/04/2010
Nº	RESOLUCIÓN XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Ano	Importe	
2010	2.467.191,27 €	=639.998,75€+ 1.827.192,52€
2011	455.441,29 €	=1.362.253,92€ - (3.829.445,19€-2.922.632,56€)

4. Nomease director das obras e coordinador de seguridade e saúde ao arquitecto Gustavo Díaz García, en virtude do contrato asinado para a "Asistencia técnica para a redacción do proxecto básico e de execución, a dirección das obras e o control e vixilancia da seguridade e saúde (coordinador de seguridade) da obra do Centro Cultural Edificio Cros.

5. De conformidade co artigo 29 LCSP, ao ser o importe do contrato superior a 600.000euros, dentro dos tres meses seguintes á formalización do contrato deberá remitirse ao Consello de Contas de Galicia unha copia certificada do documento no que se formalizara aquel e achegar un extracto do expediente de que se derive.

Artículo 29.

Remisión de contratos al Tribunal de Cuentas

1. Dentro de los tres meses siguientes a la formalización del contrato, para el ejercicio de la función fiscalizadora, deberá remitirse al Tribunal de Cuentas u órgano externo de fiscalización de la Comunidad Autónoma una copia certificada del documento en el que se hubiere formalizado aquél, acompañada de un extracto del expediente del que se derive, siempre que la cuantía del contrato exceda de 600.000 euros, tratándose de obras, concesiones de obras públicas, gestión de servicios públicos y contratos de colaboración entre el sector público y el sector privado; de 450.000 euros, tratándose de suministros, y de 150.000 euros, en los de servicios y en los contratos administrativos especiales.

Vistos os antecedentes que constan no expediente e de acordo co disposto na LCSP, INFORMO:

Que debe elevarse á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

PRIMEIRO.- Declarar a validez do acto celebrado e adxudicar definitivamente a obra "1ª Fase descontaminación y consolidación estructural centro cultural en la antigua fabrica Cros O Burgo-Culleredo", á empresa DRAGADOS, S.A. CIF A-15139314 por ser a que presenta unha mellor oferta considerando os criterios de adxudicación establecidos, fixando o prezo en 2.922.632,56 €, IVE incluído,(orçamento base: 2.519.510,83€, IVE:403.121,73€), coa seguinte distribución en anualidades orzamentarias:

Ano	Importe
2010	2.467.191,27€
2011	455.441,29€

e o prazo de execución en 160 días hábiles a contar dende a sinatura da acta de comprobación do trazado de pranta.

Esta adxudicación supón a súa aceptación expresa a ser incluído na lista pública que se recolle no artigo 7, apartado 2 letra d do Regulamento (CE) 1828/2006 da Comisión de 8 de decembro de 2006.

SEGUNDO.- Requirit ao adxudicatario para que, dentro do prazo de 10 días hábiles contados dende o seguinte á recepción da notificación deste acordo compareza para a firma do contrato.



**D I N A M O**

Actuaciones de dinamización social  
y acciones de mejora urbana

DATA	07/04/2010
Nº	RESOLUCIÓN XUNTA DE GOBERNO LOCAL

TERCEIRO.- De conformidade co disposto polo artigo 137.1 LCSP, notificar a presente resolución aos licitadores e publicar a adxudicación definitiva no perfil de contratante do órgano de contratación e no BOP.

CUARTO.- Nomear director das obras e coordinador de Seguridade e Saúde a Gustavo Díaz García, de confirmidade co contrato de asistencia técnica asinado.

QUINTO.- Achegar ao Consello de Contas de Galicia unha copia certificada do documento no que se formalízase o contrato e un extracto do expediente de que se derive, de conformidade co disposto no artigo 29 LCSP.

Culleredo, 5 de abril de 2010  
O xefe de servizo de economía e facenda

Asdo. Roberto Babio Fernández

SRA. CONCELLEIRA DE ECONOMIA, FACENDA, REXIME INTERIOR E SEGURIDADE